

## NORMATIVA PARA O CAMBIO DE ÁREA DE COÑECEMENTO DO PDI FUNCIONARIO E DO PDI CONTRATADO CON VINCULACIÓN PERMANENTE (ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 22/11/2010)

O Real Decreto 774/2002, de 26 de xullo, que regulaba o sistema de habilitación nacional para o acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, na súa disposición adicional segunda, contemplaba a posibilidade de que o profesorado universitario funcionario puidera solicitar a modificación da denominación da praza obtida por outra das correspondentes ao catálogo de áreas de coñecemento en vigor no momento da solicitude. A resolución sobre o cambio de área de coñecemento, correspondía á Comisión Académica do *Consejo de Coordinación Universitaria*, previo informe do Consello de Goberno da Universidade e da *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación*. O Real Decreto 774/2002 foi derogado pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1313/2007, de 5 de outubro polo que se regula o réxime dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios.

En consecuencia, segundo foi confirmado a esta universidade en escrito de 25 de maio de 2010, remitido pola *Subdirección General del Profesorado e Innovación Docente del Ministerio de Educación y Ciencia*, a normativa vixente non outorga ao *Consejo de Universidades* competencias para intervir no procedemento de cambio de área, indicando que deberá realizarse conforme aos procedementos previstos na normativa de cada universidade.

Por todo iso, é necesario establecer un procedemento interno para a tramitación das solicitudes de modificación da área de coñecemento á que está adscrito un docente, tanto no caso do profesorado funcionario como do profesorado contratado con vinculación permanente.

Para estes efectos, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do día 22 de novembro de 2010, acorda o seguinte:

- 1) O profesorado funcionario e o profesorado contratado con vinculación permanente que veñan prestando os seus servizos na Universidade de Vigo durante un período mínimo de tres anos, poderán solicitar o cambio de área de coñecemento mediante solicitude motivada e razoada dirixida á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, acompañada da seguinte documentación:
  - a) Curriculum vitae
  - b) Informes do/s Consello/os de Departamento implicados.
- 2) A COAP estudará a solicitude e poderá solicitar, se o considera oportuno, informes de especialistas alleos aos departamentos afectados.
- 3) A COAP presentará unha proposta ao Consello de Goberno, baseada na adecuación curricular da solicitude, na conveniencia e oportunidade do cambio en atención ás necesidades docentes, na estrutura e perfil docente do cadro de persoal de profesorado e na análise da repercusión no Plan de Organización Docente. O cambio de adscrición non poderá implicar contratación de novo profesorado nin xerar desequilibrios entre campus.
- 4) A autorización de cambio de área polo Consello de Goberno, producirá efectos desde o inicio do curso académico seguinte á data de concesión.
- 5) Unha vez aprobado o cambio de área, non poderá solicitarse un novo cambio ata que pasen tres cursos académicos.